

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1º PARCIAL, 3ª AVALIACIÓN

3º ESO

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Data:

- Realiza todos os exercicios no folio en branco, excepto o 3, 4, 5, 6 e 8.

1. Le o seguinte texto e resolve as cuestións que aparecen a continuación. Antes de nada numera as liñas.

Non nego que a *Sociedade da Información* é un avance tremendo, que poden lerse xornais de Melbourne ao segundo no ordenador da túa casa ou no teu móbil, e que a capacidade de comunicación tecnolóxica hoxe é case de ciencia-ficción. En cambio, tantas posibilidades están levando a nosa sociedade a que cada individuo se ille no seu tobo, sentado diante dunha pantalla e alleo ao que ocorre no seu contorno inmediato.

As redes sociais poden ser un bo mecanismo de comunicación, pero resulta que hai xente que ten "amigos" virtuais que viven en Oviedo, en Valparaíso ou en Nova Orleans e non se fala co veciño do lado cando se atopa no ascensor. Dicíame hai uns días un carteiro con moitos anos de servizo que antes chegaba a un barrio, e cando unha dirección non estaba clara preguntáballe a calquera onde era a casa de "fulano", e todo o mundo llo indicaba, e incluso lle daban detalles sobre a mellor hora para entregarlle unha carta certificada. Agora é imposible, preguntas por unha persoa desde o porteiro automático e ninguén o coñece, aínda que viva no mesmo edificio.

Incluíronme en Facebook hai un par de anos, teño case 500 amigos e cando entro pérdome nun bosque de saúdos que despois teñen pouca incidencia na vida cotiá, porque os que seguen funcionando son os amigos de sempre, eses cos que te ves ou falas por teléfono.

Na chamada de atención aos pais da mocidade, a pregunta é clara: en que tipo de relacións queremos educar as nosas fillas e fillos?

Temos que ter claro que unha cousa é a capacidade tecnolóxica de comunicación e outra moi distinta a comunicación real.

a) Enuncia, da maneira que explicamos en clase, a tese do texto argumentativo que acabas de ler. 1 punto.

b) Indica os tipos de argumentos que aparecen no corpo do texto. Para identificalos sinala a liña ou liñas en que se atopan. 1 punto.

2. Define normalización lingüística. 1 punto.

3. A que tipo de argumento pertencen os seguintes? 1 punto.

- A maioría dos países desenvolvidos aproveitan os seus residuos: Alemaña recicla o seu papel usado desde hai moitos anos, Xapón fabrica obxectos de plástico a partir de plástico xa usado:
- Recentes traballos poñen énfase no potencial uso inapropiado da rede e as súas consecuencias entre os máis novos, sobre todo no impacto psicolóxico e condutual que pode exercer neles:
- “Os contos son beneficiosos sempre, sobre todo como elementos necesarios no desenvolvemento da madurez e da saúde mental do neno”, explica Carmen M., membro do Comité de Bioética da AEP:
- Coa discriminación sexual ocorre o mesmo que coa discriminación racial: en ambos casos estamos atacando a persoa:
- Evitar malgastar auga é un beneficio para todas as persoas:

4. Completa con *b* ou *v*. 1 punto.

- Non coñezo ningún a__ogado que se chame Este__o, pero lembro un ao que foi miña nai, que era __irollo e leva__a unha gra__ata cun tre__o debuxado.
- Saíu un escara__ello da __illa e intentei matalo coa __asoira. De tanto que lle peguei, re__entou.

5. Completa con *h* cando sexa necesario. 1 punto.

- __achei a solución ao problema da __erdanza e agora non me vai __umillar ninguén.
- Quero gozar desta __armonía ao escoitarte tocar a __arpa. Ponte a__í e volve facelo, por favor.
- Apetécelle des__in__ibirse, así que decidiu perder a vergonza e ler na __ermida o día da __omenaxe ao seu pai.

6. Cales son os tipos de textos argumentativos? 1 punto.

7. Quen foron e que fixeron os ilustrados do século XVIII? 2 puntos.

8. Indica o título de catro manifestacións literarias pertencentes á lírica dos Séculos Escuros. 1 punto.